



**Asociación  
Plataforma  
polo Emprego**

**MEMORIA 2022**

Plataforma polo Emprego, CIF: G 15795818 rúa Concheiros 33 1º andar  
Tif.: 981 580 506 [info@plataformapoloemprego.org](mailto:info@plataformapoloemprego.org)

# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3-4
PROGRAMAS E ACTIVIDADES (ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E ACOMPAÑAMENTO Á INSERCIÓN SOCIOLABORAL)	5-12
PROMOCIÓN DO EMPREGO E O EMPRENDEMENTO	13-17
TRABALLO POLA INSERCIÓN SOCIOLABORAL	18
TRABALLO EN REDE E ACCIÓN SOCIAL	19-20
ESTADÍSTICAS 2022	21-24
FINANCIAMENTO	25
COLABORACIÓNS	26

**Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia: E-1437**

**Rexistro central de asociacións de Galicia: 663/01**

**Rexistro municipal de asociacións: 320**

## INTRODUCCIÓN

A **Plataforma polo Emprego** é unha asociación na que participan diferentes entidades de carácter social de Santiago de Compostela: **Asociación de Empregadas/os de Fogar Xiara, Asociación Fonte da Virxe, Asociación de Mulleres Recandea, Asociación Veciñal A Xuntanza, Asociación Veciñal Polígono de Vite, Asociación de Empresas de Inserción de Galicia, Foro Galego de Inmigración, Centro de Traballo e Cultura de Cáritas Interparroquial de Santiago, Coordinadora do Barrio de Vite, Cruz Vermella de Santiago, Andaina (prosaúde mental) Acción Contra a Fame, Sarela Asociación de Dano Cerebral de Compostela, Fundación Laboral da Construción de Galicia, Fundación Secretariado Xitano e os Equipos de Inclusión de Ames, Arzúa, Noia e Santiago.**

No ano 1998, nace como plataforma aberta de asociacións e entidades, coa fin de debater e propoñer iniciativas en torno ao emprego dirixidas, principalmente, aos colectivos sociais máis desfavorecidos.

**NO 2022 CUNHA CONTORNA SOCIAL E ECONÓMICA INFLUÍDA POLA SITUACIÓN DE SUBIDA DE PREZOS DE PRODUTOS BÁSICOS (ALIMENTACIÓN, ALUGUERES, ENERXÍAS) QUE XENERA MÁIS PROBREZA, SEGUIMOS MULTIPLICANDO OS NOSOS ESFORZOS, TENDO EN CONTA A SITUACIÓN, CO FIN DE MELLORAR AS POSIBILIDADES DE ACCESO AO EMPREGO DAS PERSOAS PARTICIPANTES DOS SERVIZOS E ACTIVIDADES.**

Conseguimos manter os servizos integrados de emprego, o **PROGRAMA ESTEO (Fundación José Otero e Carmela Martínez)** un espazo de busca de emprego colaborativo entre persoas de diferentes perfís e do que somos, como fomos noutros ámbitos, **INNOVADORES** en Galiza; con **COLABORACIÓNS NOVEDOSAS E CON MOI BOS RESULTADOS NOS PROGRAMAS: COMPOSTELA CONVIVE (Concello de Santiago), EMERXENDO e ACHEGANDO (XUNTA DE GALICIA. Consellería de Política Social), REDE DE ORIENTACION LABORAL E DE TÉCNICOS DE EMPREGO (XUNTA DE GALICIA Consellería de Emprego e Igualdade ), CABO DELA ( DEPUTACIÓN DE A CORUÑA, ACAROAR da Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago e COA PARTICIPACIÓN NO PACTO POLO EMPREGO REALIZANDO DIFERENTES ACTIVIDADES NO TALENTIA SUMMIT 2022 QUE SE LEVA A CABO TODOS OS ANOS (Concello de Santiago).**

Na Plataforma polo Emprego seguimos a traballar en Santiago e comarca na loita contra o desemprego xerador de pobreza e exclusión, incrementando cada ano a gama de servizos e alternativas para as persoas que participan nas actividades: orientación especializada, empresas de inserción laboral, formación adaptada para os e as participantes dos servizos.

A nosa vocación de rede, ben coñecida, queda afianzada co traballo coordinado na nosa dinámica interna que mantén unha colaboración continuada e permanente cos Equipos de Inclusión en sentido amplo e con outros concellos e entidades. Mantemos e reforzamos o traballo que realizamos a prol do desenvolvemento das **Empresas de Inserción Laboral en Galicia**, sendo cofundadoras da **Asociación de Empresas de Inserción Laboral**. Redes que se suman ás que xa conformamos co **Foro de Economía Social**, *Compostela Integra*, *Pacto polo Emprego de Santiago de Compostela*, *Rede Eusumo (rede institucional da Xunta de Galicia para a promoción da economía social e o cooperativismo)*, *Rede de Técnicos de Empregos e Orientación laboral da Xunta de Galicia*.

## PROGRAMAS E ACTIVIDADES

ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E ACOMPAÑAMENTO Á INSERCIÓN SOCIOLABORAL

### EMERXENDO

### ACHEGANDO

#### DEFINICIÓN

*Os Programas EMERXENDO e ACHEGANDO desenvólvense no marco das políticas de inclusión da Xunta de Galicia. As actividades realízanse en rede coa participación das entidades que forman a Plataforma polo Emprego, entre elas atópanse os equipos de Inclusión de Ames, Arzúa, Noia e os Concellos da comarca de Santiago. O seu fin principal é contribuír á integración social dos colectivos que se atopan en risco de exclusión social.*

#### ENTIDADES COLABORADORAS

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL (DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN),  
FONDOSOCIAL EUROPEO (FSE)**

#### OBJECTO

*Adquisición dunha formación en competencias básicas que permitan mellorar a súa cualificación socioprofesional e así facilitar o seu acceso ao mercado laboral.*

*Adquisición de formación socioprofesional que incida directamente na empregabilidade das persoas desempregadas.*

*Implicación do tecido empresarial no desenvolvemento da inserción laboral e no mantemento do posto de traballo.*

*Mellorar as condicións de empregabilidade das persoas inmigrantes fomentando o achegamento da cultura galega á cultura de cada país das persoas inmigrantes e emigrantes de retorno.*

*Mellorar as habilidades sociais cara o emprego e a autoestima das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas coas que estamos a traballar cara a súa inserción laboral.*

*Complementar os programas de integración sociolaboral que levan a cabo outras entidades e administracións da cidade ofrecendo actividades informativas e formativas de asesoramento e de orientación para a busca de emprego, que implican actuacións de acompañamento social e intermediación laboral que den resposta a necesidade psico-social de cada participante*

*Coordinación social entre as diferentes entidades e administracións da cidade, para evitar a dispersión dos e das participante, e aproveitar ao máximo os recursos existentes.*

*Adquisición dos e das participantes dos recursos persoais, habilidades e hábitos prelaborais básicos para desenvolverse por si mesmos no mercado laboral.*

#### PERSOAS DESTINATARIAS

*Os e as participantes principais son persoas identificadas cos criterios indicados na lei galega de inclusión social, Lei 10/2013, do 27 de novembro, persoas que pola súa situación social actual poden estar en risco de exclusión social.*

• **COMPETENCIAS CLAVE PARA ACCESO Á FORMACIÓN AFD (PROGRAMA EMERXENDO)**

*Formación básica para a preparación dos niveis competencia nivel 2 que se esixen para a participación en cursos de formación ocupacional oficiais que aporten, coa súa superación certificados de profesionalidade. Realizáronse 4 cursos de preparación de competencias clave nas localidades de Ames, Noia, Boiro e Padrón. O número total de participantes nesta formación foi de: 43 participantes*

• **FORMACIÓN ADAPTADA (PROGRAMA ACHEGANDO)**

*1 CURSO DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA E CULTURAL con 11 participantes.*

ACTIVIDADES


• **ITINERARIOS DE INSERCIÓN (PROGRAMA EMERXENDO)**

*Actividades informativas e formativas de asesoramento e de orientación para a procura de emprego, que implican actuacións de acompañamento social e intermediación laboral co obxecto de dar resposta ás necesidades sociolaborais das e dos participantes por medio dun proceso de aprendizaxe continuo.*

*Son un total de*

*1- Itinerarios de Inclusión sociolaboral básica 22 participantes.*

*2- Itinerarios de Transición ao emprego 40 participantes.*





## ORIENTACION LABORAL EN COLABORACIÓN CO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

### DEFINICIÓN

*Rede de orientadores/as laborais que o Servizo Público de Emprego de Galicia pon a servizo dos e das demandantes para facilitarlles o acceso ao emprego.*

### ENTIDADES COLABORADORAS

**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA**

### OBXECTO

*Facilitar a inserción laboral das persoas desempregadas tendo en conta as seguintes variables: **Dispoñibilidade, ocupabilidade e empregabilidade.***

### PERSOAS DESTINATARIAS

**Mulleres e homes desempregados, entrevistas atendidas 623**

### ÁREAS XEOGRÁFICAS DA ACTUACIÓN

**Comarca de Santiago de Compostela.**

### ACTIVIDADES

- **Diagnóstico individualizado e elaboración de perfil profesional.**
- **Deseño de itinerario personalizado para o emprego.**
- **Acompañamento personalizado no desenvolvemento do itinerario.**
- **Asesoramento en materia de emprego, formación e xestión da mobilidade laboral.**
- **Información do mercado de traballo e as políticas activas de emprego.**
- **Apoio para o emprendemento.**

PERSOAS ATENDIDAS	
MULLERES	<b>349</b>
HOMES	<b>274</b>
TOTAL	<b>623</b>

ITINERARIOS	
MULLERES	<b>111</b>
HOMES	<b>93</b>
TOTAL	<b>204</b>



## CABO DELA

**DEFINICIÓN** *Accións formativas para a inserción socio laboral encamiñadas á procura da igualdade de oportunidades.*

**ENTIDADES COLABORADORAS** **DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

**OBXECTO** *Facilitar a inserción sociolaboral das mulleres que polo contexto social e/ou familiar se atopan en risco ou situación de exclusión social.*

**PERSOAS DESTINATARIAS** **62 Mulleres con difícil acceso ao mercado laboral.**

**ÁREAS XEOGRÁFICAS DA ACTUACIÓN** *Comarca de Santiago de Compostela (AMES, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO, OROSO.)*

**ACTIVIDADES**

- Realización de **titorías individuais de adestramento en habilidades para a busca de emprego co adestramento nas TIC.**
- Realización formación ocupacional para a capacitación profesional para o emprego. **Técnicas de mobilización de persoas dependentes no domicilio.**
- **Idiomas estranxeiros para atención ao cliente.**
- **Formación en igualdade de xénero incorporada transversalmente en todas as actividades do programa.**

SUBVENCIONA



**PROGRAMA CABO DELA**  
FOMENTO DO APODERAMENTO E A CAPACITACIÓN PROFESIONAL DAS MULLERES

Dende o 1 xaneiro ata 31 de decembro de 2022

**ITINERARIOS DE ADESTRAMENTO E HABILIDADES PARA A BUSCA DE EMPREGO E APODERAMENTO PERSOAL**

LUGAR: RÚA CONCHEIROS 1º ANDAR 15.703 SANTIAGO

Actividade subvencionada pola Deputación Da CORUÑA, cun importe total de 8.487,50 € e coeficiente do 0,7999  
E1-3-FOMENTO DO EMPREGO, FOMENTO DO APODERAMENTO E A CAPACITACIÓN PROFESIONAL DAS MULLERES





## ESTEO

### CAPACITAR E FORTALECER PARA A INSERCIÓN SOCIOLABORAL

#### DEFINICIÓN

*O ESTEO é un proxecto dirixido a persoas en risco de exclusión social e/ou en situación dedesemprego para a creación e apoio de equipos de busca de emprego colaborativo, aos que se dota de distintas ferramentas de traballo grupal e individual (coaching, orientación, información, formación...).*

#### ENTIDADES FINANCIADORAS

FUNDACIÓN JOSÉ OTERO-CARMELA MARTÍNEZ

#### OBXECTO

- *Informar a todas aquelas/es aspirantes dos aspectos do proxecto e o nivel de implicación requirido aos seus integrantes.*
- *Inmersión tecnolóxica e adquisición de competencias dixitais, ferramentas básicas.*
- *Formar equipos heteroxéneos de 10/15 persoas con diferente formación, experiencia, idade ( procúrase reforzar lazos do grupo ).*
- *Poñer a disposición dos equipos formados persoal técnico de apoio necesario (orientadores laborais, coach, técnicos en emprendemento, psicólogos/as, técnicos en saúde comunitaria).*
- *Desenvolver actividades grupais e individuais motivadoras para a procura de alternativas laborais que faciliten a inserción sociolaboral.*
- *Promocionar habilidades cotidianas saudables no marco da economía familiar.*
- *Buscar activamente emprego.*
- *Dar a coñecer o proxecto a entidades económicas, sociais de todo tipo.*

#### PERSOAS DESTINARIAS

*11 persoas desempregadas ou con emprego precario en situación de vulnerabilidade*

#### ACTIVIDADES

- *Formación de equipos de traballo.*
- *Deseño e desenvolvemento de actividades de apoio e desenvolvemento persoal e grupalen función das necesidades do equipo.*
- *Práctica de dinámicas interactivas individuais e grupais*
- *Participación en xornadas, seminarios, foros e todos aqueles eventos de carácter socioeconómico e social relacionados co emprego, en especial os que centren a súa atención na economía social (cooperativas, Empresas de Inserción Laboral...).*
- *Actividade de sensibilización e coñecemento doutras alternativas laborais: O emprendemento.*

Asociación #ataforma polo emprego  
 ACCIÓNS GRUPAIS  
 -Do 20 ao 23 de decembro 2022  
 -De 9:00 a 14:00 h.  
 -No C.S.C. de FONTIÑAS  
 Rúa Berlin 13 15707 Santiago  
 DESTINARIAS/OS  
 PERSOAS DESEMPREGADAS  
 OU EMPREGO PRECARIO  
 SUBVENCIONA  
 FUNDACIÓN  
 José Otero - Carmela Martínez  
 COLABORA  
 CONCELO DE SANTIAGO

O infográfico mostra un diagrama centralizado co título "GRUPO ESTEO" rodeado por varios íconos que representan diferentes actividades e ferramentas do proxecto, como "INFORMACIÓN", "ORIENTACIÓN", "COACHING", "FORMACIÓN", "ACTIVIDADES", "RECURSOS" e "SUPPORTO".



# ACAROAR

**DEFINICIÓN** *Programas e actividades de fomento da igualdade efectiva entre mulleres e homes.*

**ENTIDADES COLABORADORAS** **CONCELLO DE SANTIAGO ( Concellaría de Igualdade)**

**OBXECTO**

- *Fortalecer e apoderar as traballadoras de fogar e coidados.*
- *Promoción de emprego de calidade e en condicións dignas.*
- *Promocionar a igualdade de xénero e a non discriminación múltiple das traballadoras de fogar e coidados.*
- *Adquisición dos recursos dixitais para o desenvolvemento persoal e social das traballadoras.*

**PERSOAS DESTINATARIAS** **150 traballadoras de fogar e coidados**

**ÁREAS XEOGRÁFICAS DA ACTUACIÓN** **Santiago de Compostela**

**ACTIVIDADES**

- *Itinerarios personalizados de apoio e acompañamento á busca de emprego para traballadoras de fogar e coidados.*
- *Formación e promoción do acceso e uso das novas tecnoloxías para o emprego.*

 **Asociación Plataforma polo Emprego**

**PROXECTO : ACAROAR**



**ITINERARIOS PERSONALIZADOS DE APOIO E ACOMPAÑAMENTO Á BUSCA DE EMPREGO PARA TRABALLADORAS DE FOGAR E COIDADOS**

Do 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2022  
Na rúa Concheiros 33 1º 15703 Santiago de Compostela

**DESTINATARIAS/OS** : *mulleres traballadoras de fogar e coidados, desempregadas ou con empregos precarios*  
Máis información no teléfono 981 580 506

 **CONCELLO DE SANTIAGO**

Actividade subvencionada polo Concello de Santiago de Compostela.  
Concellaría de Políticas de Igualdade.



## COMPOSTELA CONVIVE

### DEFINICIÓN

*O proxecto “Compostela Convive” trata de facilitar espazos interculturais que axuden á integración social e laboral na cidade de Compostela da poboación migrante.*

### ENTIDADES FINANCIADORAS

**CONCELLO DE SANTIAGO (Concellaría de Servizos Sociais, a través da UAMI)**

### OBXECTO

*Promover a integración sociolaboral e cultural.*

### PERSOAS DESTINATARIAS

**190**

### ÁREAS XEOGRÁFICAS DA ACTUACIÓN

*Santiago de Compostela e comarca.*

### ACTIVIDADES

- *Titorías personalizadas para o apoio na busca de emprego.*
- *Formación grupal: Adquisición das habilidades básicas para o uso das novas tecnoloxías e Inmersión Lingüística.*
- *Actividades interculturais: Festival intercultural.*
- *Obradoiros interculturais de cocina.*
- *Encontros e conversatorios interculturais.*





## PARTICIPANTE DO PACTO LOCAL POLO EMPREGO

*O Pacto Local polo Emprego de Santiago de Compostela é unha iniciativa promovida pola Concellaría Promoción Económica, Emprego, Mercados e Comercio do Concello de Santiago para, en colaboración con entidades do tecido económico e social da zona, desenvolver actividades que favorezan a creación de emprego estable e de calidade na cidade.*

### DEFINICIÓN

*Participantes: Concellaría de Emprego e Igualdade (Concello de Santiago de Compostela), Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, Asociación de Empresarios de Hostalería de Santiago e Comarca, Universidade de Santiago de Compostela, Comisións Obreiras, Unión Xeral de Traballadores e Asociación Plataforma polo Emprego*

### ENTIDADES FINANCIADORAS

**CONCELLO DE SANTIAGO. (Área de Emprego)**

### OBXECTO

*Mellorar as competencias formativas e sociolaborais das persoas desempregas ou con emprego precario.*

### PERSOAS DESTINATARIAS

**65 participantes**

### ÁREAS XEOGRÁFICAS DA ACTUACIÓN

**Santiago de Compostela e a súa comarca**

### ACTIVIDADES

- *Curso Técnicas de mobilización de persoas dependentes no domicilio*
- *Curso Inglés para atención ao cliente*
- *Curso Inmersión Lingüística a través da tics para persoas migrantes*
- *Curso Inmersión dixital para maiores de 45 anos*
- *Curso preparación Competencias Clave nivel 2*




## PROMOCIÓN DO EMPREGO E O EMPRENDEMENTO

**Medrando**  
Obradoiros de  
Emprendemento

As actividades que se desenvolven neste eido están financiadas pola  
Consellería de Emprego e Igualdade

### APOIO E ORIENTACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO

A través da **Área de Promoción do Emprego e o Emprendemento**, xestiónanse aquelas accións e actividades dirixidas á creación de postos de traballo mediante o fomento, promoción e apoio de iniciativas empresariais. Dentro desta, e mediante o **Servizo de Fomento e Promoción de Empresas de Inserción Laboral**, a entidade promove a constitución deste tipo de iniciativas, encadradas na economía social, como ferramenta de incorporación ao mercado laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social, proporcionándolles un traballo remunerado e a formación e acompañamento precisos para mellorar as súas condicións de empregabilidade e facilitarlles o acceso ao mercado laboral ordinario. Mediante o **Servizo de Apoio ao Emprendemento**, foméntase o espírito emprendedor e asesórase ás persoas promotoras de proxectos empresariais, acompañándoos na elaboración do seu plan de empresa.




TOTAL CONSULTAS	PROXECTOS ASESORADOS	EMPRESAS CONSTITUIDAS	PERSOAS ASESORADAS
54	14	3	17

## SERVIZO DE PROMOCIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

A Asociación Plataforma polo Emprego é entidade promotora dunha das Empresas de Inserción Laboral de Galicia, Compostela Inserta, sendo esta á súa vez unha entidade fundadora da Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA). Tal característica sitúa á Plataforma nunha situación indubidable de promoción das Empresas de Inserción dende a aparición legal destas figuras, e é por iso, que dende o seu comezo existe unha área de Servizo e Promoción das Empresas de Inserción Laboral.

Neste servizo, céntrase por un lado, a coordinación do traballo da empresa de inserción laboral Compostela Inserta EIL,S.L, coma o asesoramento e orientación de posibles proxectos de creación de empresas de inserción laboral, como figura relevante como instrumento para a inserción laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, e como figura integrada na economía social.



### SERVIZOS

#### 1-RECOLLIDA DE ACEITE VEXETAL USADO DE COCIÑA

Dende os seus comezos, Compostela Inserta apostou pola prestación do servizo de recollida e transporte de aceite vexetal usado (aceite de cociña usado) tanto á veciñanza local como a entidades profesionais de distintos sectores (hostalaría, restauración, educación...)

No 2021 tivo lugar un cambio significativo na xestión da prestación deste servizo debido ao cambio de normativa autonómica que se produce coa entrada en vigor da Lei 6/2021 de 17 de febreiro, de residuos e chans contaminados de Galicia, o que nos obriga a revisar, reorganizar e mellorar o proceso utilizado para a recollida do aceite vexetal usado.

Por outra banda, seguindo o noso obxectivo de fomentar e apostar pola economía social comezouse a traballar coa **Cooperativa Mulleres Colleiteiras**, un proxecto promovido por Arquitectos sin Fronteras, co cal se comparte o obxectivo de loita contra a exclusión social, de tal xeito que a partires de marzo de 2021 o aceite recollido nos distintos locais/puntos de recollida xestionados por Compostela Inserta, van ter como planta de valorización final a outra entidade social, á Cooperativa Mulleres Colleiteiras.

A recollida e o transporte do aceite vexetal usado realízase con varios obxectivos interrelacionados entre si, por un lado incidir na importancia dunha correcta xestión do servizo ao existir unha gran falta de información e descoñecemento por parte da cidadanía local tanto sobre o seu tratamento como sobre os seus efectos adversos no medioambiente, e por outro lado, colaborar e promocionar á Economía Circular a través da conversión dun residuo nun recurso útil.

Co obxectivo de promocionar a recollida do aceite leváronse a cabo dúas campañas diferentes para o fomento da concienciación medioambiental da cidadanía, non só do aceite de cociña usado, senón tamén doutros residuos altamente contaminantes, tales como as pilas.



No ano 2022 no Concello de Santiago de Compostela continuouse recollendo o aceite nos centros socioculturais da cidade, pero a maiores instaláronse dous novos minipuntos limpos no Estado Vero Boquete (San Lázaro) e no Complexo Multideportivo de Santa Isabel.



## **2-LIMPEZA E DESINFECCIÓN PROFESIONAIS DE EDIFICIOS E LOCAIS**

Compostela Inserta colabora cos servizos públicos e entidades privadas realizando servizos de limpeza e mantemento profesionais de empresas, oficinas, comunidades de propietarios, establecementos comerciais (con carácter diario ou semanal) abrangendo dende o servizo de limpeza de cristais ata o servizo de limpeza de obra.

Este servizo de limpeza está dirixido e orientado tanto a entidades públicas (Xunta, Concellos...) como a entidades privadas de diferentes sectores, sempre segundo as súas propias necesidades.


No ano 2022, continuamos ofrecendo e prestando un servizo de desinfección de espazos e superficies

Durante o pasado ano colaboraron con Compostela Inserta as seguintes entidades:

- Concello de Teo (limpeza da Casa Común de Cacheiras).
- Concello de Santiago de Compostela.
- Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia.
- Asociación Veciñal A Xuntanza.
- Asociación Fonte da Virxe.
- Federación Galega de Baloncesto.
- Asociación Arraianas



Por outra banda, seguimos ofrecendo e prestando o servizo de limpeza a particulares para a limpeza e desinfección de vivendas habituais ou de aluguer, adaptado sempre as súas necesidades.



### **3-TRANSPORTE PÚBLICO DE MERCADORÍAS E MONTAXE DE EXPOSICIÓNS**

Compostela Inserta realiza servizos de transporte profesional de mercadorías, tanto a nivel particular como para as administracións públicas, levando a cabo un servizo de calidade totalmente adaptado ás necesidades de cada cliente.

Destacan neste ámbito os servizos prestados á Xunta de Galicia para o porte de AZ dende o edificio de San Lázaro ata os Arquivos Centrais da Xunta.

Nos últimos anos tamén vimos realizando o traslado e a montaxe de exposicións para as administraciónspúblicas.



## CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL


Dende o comezo da súa andaina, Compostela Inserta é unha entidade que forma parte da Economía Circular a cal traballa diariamente para colaborar no cumprimento dos seus retos, actuando como un eslabón máis no proceso que permite converter un residuo nun recurso a través da recollida e do transporte do aceite vexetal usado, o cal finalmente é aproveitado mediante a súa transformación última en biodiésel.

Neste eido é onde Compostela Inserta, en colaboración con institucións públicas e con algunhas outras entidades de carácter privado, continua cumprindo co seu obxectivo de sensibilización medioambiental a través de diferentes campañas.



## PERSOAL TRABALLADORAS/ES NA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL

Ao longo do ano 2022, grazas a que neste ano as actividades profesionais do sector non foron paralizadas, Compostela Inserta seguiu prestando os servizos con total normalidade, podendo contar ao longo do ano na súa plantilla coa colaboración dun total de 8 persoas.



## **TRABALLO POLA INSERCIÓN SOCIOLABORAL**

### **PROGRAMAS DE COOPERACIÓN**

A Asociación Plataforma polo Emprego conta tradicionalmente coa colaboración da Xunta de Galicia, mediante a financiación dos Programas de Cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, como un instrumento a través do cal se ofrece ás persoas desempregadas unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral que redunde na mellora da súa empregabilidade e que facilite a súa futura inserción no mercado de traballo, canalizando a práctica laboral adquirida cara a ocupacións que faciliten unha maior estabilidade no emprego.

No ano 2022, DOUS PROFESIONAIS CONTRATADOS PARA O APOIO DAS ÁREAS PRINCIPAIS DA ENTIDADE

- Traballadora Social
- Axente de Desenvolvemento Social

#### **OBXECTIVOS:**

- 1- Capacitación e adquisición de habilidades sociolaborais e profesionais.
- 2- Apoio á inserción laboral dos colectivos prioritarios das accións.
- 3- Apoio a inserción laboral de colectivos en risco ou situación a través da promoción do emprego e do emprendemento.
- 4- Atención e asistencia das necesidades básicas das persoas participantes dos programas da entidade
- 5- Formación e adquisición de habilidades para información e orientación nun proxecto emprendemento.
- 6- Adquisición de habilidades didácticas
- 7- Apoio no Estudo das necesidades de emprego e formativas no ámbito de actuación da entidade.





## TRABALLO EN REDE E ACCIÓN SOCIAL

### **Participante das accións pola Dignificación do Emprego de Fogar e promoción do asociacionismo**



A Asociación de taballadoras de fogar e coidados Xiara, inicia as actividades no ano 2004, froito das accións de sensibilización da *Plataforma pola Dignificación de Emprego de Fogar (composta por organizacións de carácter social e sindical)*, esta rede de asociacións e organizacións foi promovida pola Plataforma polo Emprego dende o ano 2001.

A Plataforma polo Emprego apoia e participa nas actividades da Asociación Xiara. O obxectivo principal da Asociación Xiara é **o estudio e as accións encamiñadas a transformar a situación sociolaboral das empregadas de fogar en Galiza.**

**Neste ano 2022, as actividades principais da Asociación Xiara son:**

- **Asesoría sociolaboral e orientación laboral ás traballadoras e empregadoras/es**
- **Actividades formativas informativas e de sensibilización**
- **Actividades de dinamización e creación de espazos de encontro entre traballadoras**
- **Sesións informativas e participación en actividades de difusión cultural e social, xunto con outras organizacións de Galiza e do conxunto do Estado.**

### **Membro do Foro Galego de Inmigración**



O FORO GALEGO DE INMIGRACIÓN , composto por entidades de carácter social, sindical e político; ten como obxecto sensibilizar á sociedade en relación coa situación das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas.

**Entre as actividades que realizou durante o ano 2022 cabe destacar:**

- **Campañas** a nivel público e nas redes sociais sobre “*Normalizar os Dereitos*” ou “*Dereito de Asilo*”
- **Festival intercultural** na Alameda de Santiago, o 9 de setembro. Espazo de encontro e lecer en familia, dentro do Programa “Compostela Convive”.
- **Conversatorios e obradoiros**, dentro de Programa “Compostela Convive”.
- Participación na **REDE GALEGA EN DEFENSA DO DEREITO A SAÚDE.**
- Participación na **REDE EN DEFENSA DAS PERSOAS REFUXIADAS.**



**Nova regulación laboral para traballadoras de fogar e coidados**  
 (prestación por desemprego e outros cambios)

Información - debate - achegas

Espazos para a participación social

Mércoles 21 de setembro 2022  
 ás 19:30 na CSC de Fontiñas  
 Santiago de Compostela

organiza: **XIARA**

Actividade subvencionada polo Concello de Santiago de Compostela.  
 Concelaría de Políticas de Igualdade.

CONCELLO DE SANTIAGO



**"TRABALLADORAS DO FOGAR: ESENCIAIS, SEN DEREITOS E ESQUECIDAS POLOS GOBERNOS"**

Faladoiro informativo da man de: **XIARA**

Coa participación de Esther F. Carrodeguas, e lectura do seu poemario "Malcriada"

XOVES 12 DE MAIO  
 19:00 h  
 CASA DA CULTURA  
 PONTE CALDELAS

organiza:



Asociación Plataforma pola Igualdade

**PROGRAMA: "COMPOSTELA CONVIVE"**

**FESTIVAL INTERCULTURAL**

ALAMEDA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Domingo 11 de setembro de 2022. De 13:30 a 19:00 hs.

Ven a compartir un día especial con:

- \* Degustación de Comidas típicas de diferentes países
- \* Música en vivo, bailes tradicionais
- \* Outras actividades culturais

DESTINATARIAS/OS : prioritariamente persoas migrantes e cidadanía en xeral

Actividade subvencionada pola Unidade de Atención ás Migracións. UAMI Do Concello de Santiago de Compostela.

CONCELLO DE SANTIAGO





## DATOS REXISTRADOS

### PARTICIPANTES DA TOTALIDADE DOS PROGRAMAS

# 907

### ESTATÍSTICAS

PARTICIPANTES	
Homes	135
Mulleres	276
Total mostra	411

IDADE	Homes	Mulleres	Total
Menos 25 anos	17	26	43
De 26 a 35 anos	25	41	66
De 36 a 54 anos	68	157	225
Máis de 55 anos	25	52	77



PROCEDENCIA DAS PARTICIPANTES	Total
A través de outras participantes	202
Concello de Santiago	31
Cáritas	45
Outros departamentos Plataforma	43
Cruz Vermella	12
Forga	4
Iniciativa persoal	33
Outras entidades	41


**IDIOMAS PARA ATENCIÓN AO CLIENTE**  
 INICIO 21 MARZO de 2022  
 Inscripcións: 604 029 931 / 981 580 506 info@plataformapoloemprego.org  
 HORARIO: 9:00h a 14:00 h DURACION: 35 horas  
 Lugar: C.S.C. José Saramago de Vite - Rúa Carlos Maside 7 Santiago de Compostela  
 Destinatarias: preferentemente mulleres desempregadas ou con emprego precario

**ANÓTATE**



SUBVENCIÓN  **Deputación DA CORUÑA**  **COLABORA** 

Actividade subvencionada pola Deputación Da CORUÑA, Programa Cabo Dela cun importe total de 6.487,50 € e coeficiente do 0,7999  
 EI-3-FOMENTO DO EMPREGO, FOMENTO DO APDORAMENTO E A CAPACITACIÓN PROFESIONAL DAS MULLERES

NACIONALIDADE	Total	
Con nacionalidade	Galiza	131
	Resto de estado	22
	Europa extracomunitaria	73
Europa comunitaria	9	
América	152	
África	22	
Asia	2	



NIVEL ACADÉMICO	Homes	Mulleres	Total
Sen estudos ou Estudos sen homologar	57	114	171
Primarios	36	67	103
Secundarios	33	78	111
Superiores	9	17	26

**PREPARACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2**  
Convocatoria 2022  
Ames, Boiro, Noia e Padrón

**MATEMÁTICAS    LINGUA GALEGA    LINGUA CASTELÁ**

Dirixida a persoas sen: -E.S.O. ou equivalente, -Estudios homologados, -Celga 2  
**PARA ACEDER Á FORMACIÓN (A.F.D.) con certificado de profesionalidade**

Probas: xuño 2022 Lugar: publicarse o día e lugar de realización na WEB da Consellería de Emprego e Igualdade

Inicio das clases: 18 de ABRIL de 2022

Formación impartida no marco da Estratexia de inclusión social de Galicia e subvencionada pola Orde do 4 de maio de 2020 (DOG núm 90 do 11 de maio), pola que se establecen as bases que regerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social enmarcadas dentro do Programa Operativo do FSE Galicia 2014-2020 "O FSE inviste no teu futuro", no seu obxectivo 9 "Promover a inclusión social e lutar contra a pobreza e calquera forma de discriminación".

Operación cofinanciada pola Unión Europea  
Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020  
Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social  
O FSE inviste no teu futuro

INSERCIÓNS EN 2022	
Homes	44
Mulleres	112
Total	156





INSERCIÓNS POR SECTOR	Homes	Mulleres	Total
Administración	1	5	6
Agricultura, gandería, pesca	6	0	6
Comercio	0	6	6
Construción	3	0	3
Emprego doméstico	1	23	24
Hostalaría	12	10	22
Industria (metal)	2	1	3
Sanitaria e veterinaria	1	0	1
Limpeza	11	19	30
Servizos persoais, servizos sociais	2	4	6
Transporte e almacenamento	5	0	5



TIPOS DE CONTRATO	Homes	Mulleres	Total
Menos de 1 mes	0	3	3
De 1 a 6 meses	11	8	19
De 7 a 12 meses	1	3	4
Por obra	26	37	63
Indefinido	6	17	23

## FINANCIAMENTO 2022

ORGANISMO	CONTÍA
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE	62.801,43 € (2021/2022)
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral	17.000,00 €
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL Dirección Xera de Inclusión Social	63.664,18 €
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	25.000,00 €
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	8.487,50 €
FUNDACIÓN JOSÉ OTERO-CARMELA MARTÍNEZ	2.300,00 €



Asociación  
Plataforma  
polo Emprego



# Asociación Plataforma polo Emprego



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

